


# PADRÓN
## NA LEMBRANZA

# PADRÓN NA LEMBRANZA

Colección de imaxes antigas, planos, gravados e postais
cedidas por Ángel Rey Castro

Dereitos de autor 2021 Ángel Rey Castro
Todos os dereitos reservados

Ningunha parte deste libro pode ser reproducida nin almacenada nun sistema de recuperación, nin transmitida de calquera forma ou por calquera medio, electrónico, ou de fotocopia, gravación ou de calquera xeito, sen o permiso expreso do editor.

ISBN - 9798712322787
Obra inscrita no Rexistro Provincial da Propiedade Intelectual da Coruña
Número de inscrición expte. 00/2001/10214. Sección 1ª

Nº R.P.I. C-4775
Data presentación 3 de outubro do ano 2000 Nº 2000/15/31815

----------------------

Textos: Ángel Rey Castro e Concello de Padrón
Depósito Legal: C 1552-2023
Edita: Deputación da Coruña
Imprime: Imprenta Provincial da Deputación da Coruña
Coordinación do Libro: Alberto Rey Castro

EDICIÓN NON VENAL

# ÍNDICE


Limiar 10
Preámbulo 12
Orixes de Padrón. Breve reseña histórica 14

**PADRÓN CULTURAL 17**
1. Igrexa parroquial de Santiago de Padrón
2. Convento do Carme e contorna
3. Fonte do Carme
4. Ponte de Santiago
5. Santiaguiño do Monte
6. Pazo de Quito
7. Pazo de Arretén
8. Antigo Casino
9. A fábrica de azucre

**PADRÓN NATURAL 62**
1. Xardín Botánico Artístico de Padrón
2. Paseo do Espolón

**PADRÓN ETNOGRÁFICO 74**
1. Celebracións relixiosas
   - Corpus Christi
   - Romaría de Santiaguiño do Monte
   - San Xoán do Raio
   - Venres Santo
2. Festas da Pascua
3. As raíñas da festa
4. Día de Galicia
5. Feira do gando
6. Os cabezudos
7. As bandas de música
8. Os gaiteiros
9. O fútbol
10. A ensinanza
11. Outros

4. PADRÓN LITERARIO 111
Na lembranza de Rosalía de Castro
Na lembranza de Nicasio Pajares

5. AS RÚAS DE PADRÓN 119
Vista aérea de Padrón
Entrada Norte a Padrón – Rúa Real
Rúa Longa
Praza da Fondo de Vila
Rúa do Castro
Rúa Murgadán
Rúa de Santiago
Rúa Vidal Cepeda
Rúa Real
Rúa Enlace Parque
Praza de Macías
Praza de Baltar
Praza de Amigos e Fillos de Padrón
Paseo do Espolón
Praza de abastos
Campo do Souto.
Parque infantil
Praza das Travesas
Rúa Nova
Rúa Rosalía de Castro
Campo da Barca
Avda. Compostela
As Lágrimas
Avda. da Estación

6. PADRÓN POR PARROQUIAS 166
Parroquia de Santa María de Herbón
- Vista aérea de Herbón
- Convento de Santo Antonio de Herbón
- Igrexa de Santa María de Herbón
- A pesca da lamprea

Parroquia de Santa María de Cruces
- Santuario da Nosa Señora da Escravitude

Parroquia de Santa María de Iria Flavia
- Vista aérea de Iria Flavia
- Igrexa de Santa María a Maior de Iria Flavia

**7. A CONTORNA DE PADRÓN** **193**
Pontecesures

**8. ACONTECEMENTOS** **197**
Inauguración do monumento a Rosalía de Castro
Inauguración da praza de Camilo José Cela
Inauguración da praza de Baltar
Visita do cardeal Quiroga a Iria Flavia
O ferrocarril en Padrón
Os desbordamentos do río Sar

**9. PADRÓN ARQUEOLÓXICO** **222**
Escavacións arqueolóxicas en Iria Flavia
Restos arqueolóxicos na praza Camilo José Cela

**10. FOLLETOS TURÍSTICOS DE PADRÓN** **228**

**11. GRAVADOS E PLANOS** **234**

# SAÚDA

## Valentín González Formoso
*Presidente da Deputación da Coruña*



Desde que a humanidade descubriu as propiedades de certas sales de prata para captar a luz, o noso xeito de fixar a memoria colectiva transformouse para sempre. Cada vez que rescatamos imaxes antigas para reunilas nun volume coma este, abrimos unha fiestra a través da que parecen cobrar vida descricións que tantas veces oímos de boca de mulleres e homes maiores ca nós. *Padrón na lembranza* constitúe unha reconstrución visual do pasado dunha vila rica en historia, ligada a dous feitos cruciais para Galicia, como son a tradición xacobea e o Rexurdimento. Das fotografías que compila gozarán, estou seguro, tanto veciñas e veciños coma quen dende fóra nos achegamos con curiosidade ao retrato das persoas e da paisaxe urbana e rural doutra época. Mais tamén verán con interese os textos, planos e gravados que completan o contexto e que, xunto coas instantáneas, debémoslle agradecer a un traballo constante, de anos, de Ángel Rey Castro.

As festas, os mercados, as rúas, os acontecementos, os oficios, as parroquias, a natureza, as xentes... *Padrón na lembranza* artella, peza a peza, o conxunto de recordos das xeracións que inmediatamente nos precederon. É un espello no que se reflicte unha época non tan afastada de nós, por máis que teñamos a tentación de crelo. Moitos dos protagonistas das escenas que percorren as páxinas ben puideran ser as nosas avoas e avós.

A través da Imprenta Provincial, a Deputación da Coruña vén prestando apoio a diversas iniciativas relacionadas co mantemento da memoria e da cultura popular, como é o caso desta edición. Para esta institución, é un orgullo estar ao lado de entidades sen ánimo de lucro e administracións locais grazas ás que podemos espallar coñecemento sobre as nosas raíces, algo que as máis das veces fai posible o labor desinteresado, constante e minucioso de persoas como Ángel Rey.

Penso que todas as persoas que se deteñan a repasar con calma esta recompilación saberán apreciar o resultado dese esforzo. Invítoas a facelo.

# LIMIAR

## Anxo Rei Arca

*Alcalde de Padrón*



A memoria gráfica é un dos elementos histórico-patrimoniais máis sobranceiros que un pobo pode deixar ás xeracións vindeiras. Nela quedan reflectidos os cambios, os usos e as costumes dunha época e das súas xentes. Dise que unha imaxe vale máis que mil palabras. Coincido plenamente con esta expresión. O poder dunha instantánea moitas veces impacta máis que unhas verbas e visibiliza mellor a esencia da evolución, mesmo a historia, dun pobo. O contido deste libro é un bo exemplo.

A obra aglutina un compendio de fotografías, gravados e planos de Padrón datados en diferentes períodos históricos, pertencentes á colección privada do presidente da Asociación Cultural Villa Petroni, Ángel Rey Castro. Quero expresarlle o meu agradecemento pola cesión desta colección que comezou a atesourar dende o ano 1995.

Algúns aínda lembrarán as crecidas do río Sar que asolagaban as rúas de Padrón; os máis novos probablemente non, pero terán oído falar delas aos seus avós. Nas páxinas deste libro atoparedes imaxes relacionadas con esta temática, clasificadas mesmo por rúas ou por zonas; algunhas moi impactantes e inimaxinables hoxe en día. Tamén poderedes ver como era o Espolón sen os seus característicos plataneiros nunha litografía de 1870.

Outras instantáneas transportaranvos ata momentos importantes no desenvolvemento económico, social e cultural de Padrón, como é a construción da actual praza de abastos; á inauguración da praza de Macías e a da praza de Baltar ou á do monumento á Rosalía de Castro en 1957, sufragado polos

padroneses en Uruguai, que preside unha das entradas do paseo do Espolón. Un fito histórico que naquel intre, como se pode ver na fotografía, foi seguido por centos de persoas, o que amosa a relevancia social e cultural de Rosalía e o agarimo que os padroneses lle tiñan á súa veciña da Matanza 72 anos despois da súa morte.

Costumes e celebracións importantes, perdidas na memoria, como a feira de gando que se facía no Souto (fotografía de 1902); o concurso de carrozas e carros engalanados que se celebraba o Día de Galicia e que atoparedes nunha serie de imaxes de 1947, ou como se foi transformando O Ribeiro (hoxe praza da Leña) onde as lavandeiras accedían ao río para lavar a roupa.

Para a memoria colectiva tamén quedará a instantánea, recollida nestas páxinas, dos Cabezudos na igrexa de Santa María a Maior de Iria Flavia de principios do século XX. Estas singulares figuras, hoxe desaparecidas, estaban moi ligadas ás festas do Corpus de Iria. Curiosa tamén é a fotografía que nos amosa o altar de pedra que había diante das penas do Santiaguiño; altar que hoxe en día atópase no interior da capela.

Non quero esquecerme de mencionar un dos materiais gráficos máis sobresaíntes e pintorescos que poderedes atopar neste libro, testemuña da gran transformación que sufriu Padrón ao longo do tempo. Trátase do debuxo realizado polo pintor e arquitecto italiano Pier María Baldi en 1669, durante a viaxe que realizou por España xunto a Cosme de Médici. Nel amósanos unha panorámica de como era a vila de Padrón no século XVII; unha vila que conservaba a muralla medieval e as súas portas de acceso, a desaparecida Torre do Reloxo, os meandros do río Sar e as súas veigas espidas. Pouco queda hoxe daquela harmónica e idílica estampa de Padrón, pero a esencia daquela vila segue aínda moi viva nas nosas rúas.

Grazas, Ángel por permitirnos viaxar no tempo a través deste material gráfico e por ser espectadores, dende a distancia, da transformación da nosa vila. Agardo que gocedes tanto coma min desta andaina histórica pola memoria visual do noso pobo e que contribuíamos a mantela viva. Boa viaxe!

# PREÁMBULO

O libro “**Padrón na lembranza**” é froito dun labor que se iniciou no ano 1995. Labor de procura, recompilación e compendio de reproducións de planos, gravados, postais e fotografías antigas de Padrón nas que se reflectisen aspectos arquitectónicos, sociais e culturais do pasado, que na actualidade desapareceron ou mudaron.

En todas as fotografías do libro pódense advertir cambios na fisionomía arquitectónica do pobo e contemplar edificios que desapareceron ou foron substituídos por outros de nova fábrica.

O libro, non só recolle imaxes da arquitectura desaparecida ou do patrimonio cultural, senón tamén monumentos histórico-artísticos, arquitectura popular, festas, costumes e tradicións que desapareceron dos cales as fotografías testemuñan os procesos de cambio. Este valor testemuñal da fotografía antiga constitúe unha das súas máis importantes vantaxes: bríndanos a posibilidade de achegarnos a realidades afastadas (temporal e/ou espacialmente) e, en ocasións xa, inexistentes. De tal maneira que hoxe día eríxese como un verdadeiro documento social.

En palabras de Cartier – Bresson, *la fotografía (...) capta el instante y su eternidad*, por iso, convén resaltar que as imaxes que se inclúen neste libro expresan o encontro entre o lector, como observador etnográfico, e un cúmulo de acontecementos, en aparencia efémeros ou fortuítos, pero que, con todo, participan na construción dunha historia, unha historia protagonizada e escrita, en forma de imaxes.

É importante destacar tamén o valor afectivo que encerran as fotografías que se inclúen neste libro, pois en moitas delas non só se inclúe a paisaxe, senón tamén a veciñanza, e permítennos viaxar na memoria, evocando recordos do pasado.
Esta versatilidade das fotografías, desde unha perspectiva histórica e etnográfica, convérteas nuns documentos visuais imprescindibles para calquera traballo de investigación.

A maioría do que coñecemos do pasado vénnos dado a través dos escritos que se recuperaron. Con todo, actualmente moitos historiadores atoparon na fotografía un medio máis para entender ese pasado non moi afastado e puxeron en valor o elemento testemuñal e documental da imaxe. Todas as que se ofrecen neste libro son un documento histórico, visual e gráfico dunha época pasada, sinal de singularidade e testemuño pasado da vila de Padrón, que quizais poidan servir de axuda e soporte documental a futuros investigadores.

*Ángel Rey Castro*

# ORIXES DE PADRÓN.
# Breve reseña histórica

Padrón é unha comarca situada na marxe dereita do río Ulla, e na que antes da romanización asentábase un pobo que recibía o nome de 'Cáporo'. Esta comarca está vinculada de forma importante á historia de Galicia porque, segundo a tradición da Traslación, aquí foi onde arribou a barca na que os discípulos do apóstolo Santiago trouxeron o seus restos dende Palestina. O corpo do Apóstolo sería posteriormente depositado no solar de Compostela, non confíns da Mahía, o que daría lugar á fundación da basílica compostelán e ao gran fenómeno das peregrinacións europeas a Galicia.

Padrón era un centro importante dentro das comunicacións durante a conquista romana, consumada no ano 19 a.C. . Esta zoa era coñecida co nome de Iria, denominación indíxena da localidade, que tiña o seu límite no río Ulla.

Iria foi unha mansión romana, isto é, unha especie de parada e fonda que se establecía cada 20 quilómetros, aproximadamente, ao longo das vías que unían os tres conventus jurísdicos do noroeste peninsular: Braga, Lugo e Astorga. Por Iria discorría a vía XIX que, dende Braga, pasando por Iria e Santiago, chegaba ata Lugo, e dende alí continuaba ata Astorga. O número desa vía coñécese por un documento do século III, o 'Itinerario de Caminos'; unha especia de mapa de estradas da época, que confirma que Iria foi un núcleo de paso, de control, situado na beira do río Ulla, e que servía de fronteira para separar dous pobos, tal como indican algúns autores latinos, como Plinio, ou o grego Estrabón. O pobo dos 'Capori' estaba distribuído por unha seria de aldeas que, en numerosos casos, serían castros, aínda que o núcleo urbano desta poboación estaba en Iria, que era un foro, sinalado nas inscricións como Foro Iriense, é dicir, o foro dos habitantes de Iria; dos habitantes da comarca, tal como se reflexa no Pedrón, un monólito de pedra granítica que se conserva baixo o altar maior da igrexa parroquial. O Pedrón é unha ara ou inscrición votiva dedicada ao deus Neptuno, posteriormente cristianizada para adaptar os ritos pagáns á nova relixión. Estas aras soen ter, na parte superior, unha cornixa con molduras clásicas, e unha base tamén moldurada.  Na parte superior, sen prexuízo de eventuais formas

decorativas, soe haber unha cavidade ou focus , onde colocar a copa para as libacións rituais. O Pedrón está tan desgastado e alterado na parte superior que non se recoñece a súa forma orixinal. Tivo focus no centro, e quizais a ambos lados formas decorativas, coma semicilindros, ou ben acróteras nas catro esquinas. A parte inferior está mellor conservada. Este ara estivo destinada a ser colocada xunto a unha parede, xa que doutro modo non sería lisa na parte posterior, como así o é, carente de base e cornixa nese lado. As súas dimensións son de case 1.70 de alto por 0.70 de ancho. En Padrón atopábase xa no século XVI, e posiblemente no XII, cando renovouse a primitiva igrexa, xa que esta pedra, polo seu peso e dimensións, non habería de traerse doutro lugar senón ía se reutilizada como material de construción, como de feito non foi.

Segundo a tradición xacobea, o Pedrón serviu para atar a barca que trouxo dende Palestina o corpo do apóstolo Santiago; primeiro por mar e logo polo Ulla ata Padrón. A inscrición que reza no Pedrón é como segue: Nept-/ u no / For (o) i (ri) / e (n) ses / d (e) s (uo) p (osuerunt). As letras subliñadas recoñécense con dificultade e gracias ao contexto. As que están entre parénteses foron omitidas na orixe, o que é moi frecuente na epigrafía latina, e sen límites mentres os que facían a inscrición cresen que resultaba facilmente intelixible o texto. A interpretación deste texto foi posibilitada por outra inscrición próxima, atopada no século XIX preto de Padrón, ao remover as terras para a construción do ferrocarril, e o seu significado é o seguinte: 'Os (sc. Ciudadados) do Forum Iriensum fixeron, as súas expensas, esta dedicación a Neptuno'. Non é posible determinar unha data precisa para esta inscrición, pero sen dúbida é anterior ao ano 71 d.C. A cruz gravada enriba das letras é dunha data moi posterior.

O nome primixenio da localidade aparece no Pedrón: 'Forum dos Irienses'. Este nome é latino, e coñécese nunha inscrición latina, feita baixo un longo dominio romano. Iriensum é o xenitivo de plural dun adxectivo latino, se ben formado a partir dun nome indíxena, Iria. Forum significa praza pública das cidades romanas, onde están os principais templos, a curia e o mercado; é o centro neurálxico.

Pero os foros coma o dos Irienses non son como os das grandes cidades, senón que se diferencian en algo substancial: son prazas do pobo que serven de centro de reunión, pero sen núcleo urbano sinalado. Había, pois¡, unha comunidade politicamente diferenciada, coma tantas outras, que era a dos Irienses, e que na época romana tiña un centro semellante ao Forum Limicorum, na comarca que hoxe coñécese coma A Limia. Os Irienses deben o seu nome á súa común procedencia dunha Iria que, nesa época tan temperá, aínda non está documentada. Debía tratarse dun castro que era a cabeza dunha pequena rexión, precisamente do solar de todos aqueles que se consideraban irienses, con algúns castros máis, nun marco político-social-organizativo característico da Gallaecia.

Esta forma de organización socio-política non resistiu os embates ou atractivos da romanización, e cara o final do século I d.C. comezou a desaparecer. O emperador Flavio Vespasiano, no año 70 d.C. deu a toda Hispania a posibilidade de achegarse máis ás concepcións e realidades romanas, mediante un estatuto chamado Ius Latii, isto é, dereito latino. En Gallaecia isto significou o abandono paulatino dos castros e de aquela forma de organización socio-política. As xentes asentáronse nos vales e esquecéndose de aquelas comunidades para integrarse noutras algo maiores, que xa aparecen nas fontes chamadas res pública. Algunhas destas comunidades adoptaron o nome do emperador, como Aquae Flaviae, Iria Flavia, e algunha outra.

Esta nova Iria Flavia releva a aquel menor centro neurálxico que se chamaba Forum dos Irienses. Este núcleo, novo no organigrama político e administrativo, aparece nas listaxes de poboacións que coas súas coordenadas da despois Ptolomeo, adquirindo un grande protagonismo e relevancia en época romana ata a traslación da sede episcopal a Compostela, polo bispo de Iria, Teodomiro.

# PADRÓN CULTURAL

# 1. Igrexa parroquial de Santiago de Padrón

A primeira referencia que temos da igrexa parroquial é unha pequena ermida do século X (entre os anos 920 e 924) mandada construír polo bispo Gundesindo.

No século XII o arcebispo Xelmírez eixe unha nova construción no ano 1113 de estilo románico e de maiores dimensións con tres ábsidas. Deste edificio soamente se conserva unha referencia nunha das pedras do interior do templo, ao carón da entrada localizada no paseo do Espolón: "D (idacus) C (om) P (ostellane) ECC (lesi) E PRIMUS A(rchiepiscopus) IN ERA MILLESIMA CENTESIMA SEPTUAGESIMA PRIMA" que significa: "Diego, prelado da igrexa compostelá, reedificouna na era de 1171 (que corresponde ao ano 1123) ".

O templo seguirá en pé ata o século XV cando unha nova igrexa, de estilo gótico, substitúe a anterior grazas á intervención dos arcebispos Lope de Mendoza e Rodrigo de Luna.

Nese momento existe constancia dun hospital de peregrinos fundado por don Rodrigo de Luna, e que estivo en pé ata principios do século XIX (1801).

Período no que se traslada o Pedrón á súa situación actual: baixo o altar maior.
Desta etapa construtiva só conservamos o púlpito gótico cunha imaxe Santiago Peregrino nun lateral, e o escudo de Rodrigo de Luna.

O templo actual, de estilo neoclásico, comezou a construírse no ano 1859 rematándoa o 27 de novembro de 1867. Converténdose en igrexa parroquial, desvinculándose da parroquia de Iria Flavia, en outubro de 1877.



Fachada principal da igrexa parroquial.
*Pedro Ferrer, 1910*



Vista da igrexa parroquial dende o convento do Carme. *E. Pérez Arime, 1910*

***Detalle:*** Pódese apreciar a igrexa aínda encalada. Na parte dereita da imaxe aparece unha das antigas casetas onde se pesaban as mercadorías que se vendían no mercado.



Vista da igrexa parroquial dende o convento do Carme, principios do s.XX.
Obsérvase a capela anexa (xa desaparecida); as casas que se derrubaron para facer o actual edificio onde se sitúa Correos; a ponte sen iluminarias e aínda non existía o quiosco na esquina do paseo do Espolón.



Antiga capela, xa desaparecida, xunto a igrexa parroquial, ano 1919.



Grupo de nenos e nenas o día da súa primeira comuñón na fachada principal da igrexa parroquial. 1 de maio de 1979.



Interior da antiga igrexa parroquial, de estilo oxival, durante a visita da Infanta María Luisa Fernanda, irmá da raíña Isabel II, e do seu esposo don Antonio Felipe de Orleáns, Duque de Montpensier, o 28 de xullo de 1852. *Litografía de J. Rey Romero*.



Vista da igrexa parroquial dende o convento do Carme. Obsérvase o empedrado ao longo da ponte e o areal na zona do Ribeiro.



En el dia 23 del corriente á las tres y media de la tarde se celebrará la **BENDICION** de la Iglesia parroquial de **Santiago Apóstol** de esta Villa y quedará abierto al culto aquel antiquísimo Templo, erigido á orillas del Sar por el Presbítero Pelagio, engrandecido por el ilustre Arzobispo Diego Gelmirez y reedificado ahora nuevamente.

El Ayuntamiento que interpretando los piadosos y patrióticos sentimientos de la poblacion, se considera en el deber de festejar tan fausto suceso, acordó asistir en cuerpo á la ceremonia, así como á la traslacion del **Santísimo Sacramento** á dicha parroquial, y ruega á V. se sirva acompañarle alumbrando con hachas en aquellos religiosos actos y concurrir á las diez de la mañana del siguiente dia á la primera Misa, que se dirá solemnemente en el mencionado Templo.

Padron 21 de Noviembre de 1867.

**EL ALCALDE,**
Ramon María Covian.

Tip. de M. Mirás.

Folla de inauguración da igrexa parroquial de Santiago de Padrón en novembro de 1867.



*Igrexa parroquial de Santiago de Padrón*






Antiga foto do Pedrón (ara romana, onde a tradición indica que se amarrou a barca que transportaba os restos do apóstolo Santiago). Pode verse baixo o altar maior da igrexa parroquial.



Acto festivo de principios do século XX ao carón da igrexa parroquial.

# 2. Convento do Carme

O Convento do Carme é un edificio de estilo neoclásico, construído no século XVIII (1737 – 1744) destinado a albergar aos carmelitas descalzos que vivían en Rianxo. Orixinariamente estivo dedicado a San Xosé, cunha figura do santo no altar maior e outra de pedra, do escultor don Felipe de Castro.

Trala Desamortización de Mendizábal (1836), pasa a mans dos pais Dominicos aínda presentes hoxe.

A igrexa é de estilo greco-romano, con 3 series de arcos a ambos os dous lados e rematado por un enreixado de ferro que divide o presbiterio.

O altar maior está presidido pola imaxe de San Xosé, de Ferreiro. Á esquerda encóntranse os altares de Santa Teresa, Nosa Señora do Carme, Santo Tomé de Aquino, Santo Vicente Ferrer e Santo Xoaquín.

Na parte superior do coro, á dereita, encóntranse os altares da Angustia, Santo Domingo, un crucifixo de tamaño natural, a Pura Concepción e Nosa Señora do Rosario.

O edificio consta de tres corpos comunicados no medio cun patio cuadrangular. Os claustros daban entrada aos refectorios da comunidade e dos forasteiros. No medio do comedor encóntrase a cociña cunha escaleira imitación da de San Martín Pinario.

















Convento do Carme







Nevada en Padrón de finais dos anos 80.



















Panorámica cara o Convento do Carme, 1901.
*E. Carrero.*





*P. Ferrer, 1910*



# 3. Fonte do Carme

A fonte actual foi reedificada no ano 1789, segundo a inscrición que reza na mesma. A fonte anterior foi construída no ano 1577 polo mestre de obras de fontes Pedro de la Bárcena, natural de Guemes (Entrambasaguas-Santander) quen, por encargo do Concello de Padrón, encargouse, no ano 1577, das obras de recollida e recondución, *por arcaduces de barro del agua de la fuente de la biña hasta el burgo nuevo* (Trabanca de Abaixo) *desta villa y hacer el edificio necesario de la fuente*, facilitándoselle materiais, y fixando en cento cincuenta ducados o prezo da obra. Pero, *por resultar defectuosa y que el agua era poca y no podía llegar a la parte donde se quería traer*, promoveuse preito ante o Asistente de Santiago, ao que puxo termino unha transacción  o 14 de abril de 1578, quedando que Bárcena faría a fonte conforme a unha traza que presentou, tendoselle de pagar por elo *setenta ducados y más quatro ducados por razón de las costas y gastos*.

Toda a obra tería de ser obxecto de exame pericial, para o que, o 17 de outubro do mesmo ano, foron designados, por parte do Concello, os peritos Juan de Vega e Luís de Barros, e por parte de Bárcena, Pedro del Río, *maestro del hospital que hace el Ilmo. Arçobispo de Santiago (Hospital de San Roque)*.

Na nova taxación que se verificou o 15 de setembro de 1579, declarou Pedro López, *maestro de cantería del Gran Hospital de Santiago, nombrado por Pedro de la Bárcena, fontanero, para tasar el edificio y empedrado y bandas y lo más que hizo junto la fuente de la villa para ornato de dicha fuente, y después de haberla visto y moderado por braças y varas y la sillería y cornijas, asientos de al derredor y la escalera e patín y la arquilla que hizo con su caño por bajo del empedrado que sale hacia el rio y cae en otra pila* que a Xustiza e Rexemento era obrigado a pagar a Bárcena oitenta ducados, que era no que se taxaba dita obra, *y estaba muy bien hecha*.

En sesenta ducados a xustiprezou Pedro Fernández, mestre de cantería, designado polo Concello de Padrón.






3 – PADRÓN. Fuente del Carmen


Año 1973










Imaxe do enlace matrimonial do boxeador don Ángel Grela e a súa dona María del Carmen Gens o 23 de outubro de 1971.


Año 1940





Fonte do Carme, 1919. P. Mas.
Apréciase na fotografía que nese
momento a fonte estaba encalada.

# 4. Ponte de Santiago

Ponte que une a zona vella de Padrón coa rúa Santiago e rúa do Carme no barrio da Trabanca.

A actual construción substitúe a anterior de estilo gótico que foi arrasada por unha chea no ano 1852.

No seu extremo (hoxe en día onde está a igrexa parroquial de Santiago de Padrón) atopábase ata o século XIX (1832) a TORRE MOUCHA (chamada así polo lamentable estado en que a deixou a revolta Irmandiña no século XV (1476)).

Construíuse en tempos do arcebispo Xelmírez, pegándose á igrexa (no espazo que hoxe ocupa a actual sancristía). Esta torre é coetánea das Torres do Oeste, pois formaba parte da engrenaxe defensiva que tiña como obxectivo protexer a igrexa, o porto interior de Murgadán cos seus estaleiros.

No século XVIII (1726) repárase e dedícase a sancristía e escola. A principios do século XIX (1831) derrúbase debido ao seu mal estado.




Ponte de Santiago sobre o río Sar, 1910.
*P. Ferrer*





Imaxe das lavandeiras no río Sar, 1925
*Tarxeta postal*













# 5. Santiaguiño do Monte

Lugar onde a tradición sitúa ao apóstolo Santiago predicando o Evanxeo ás xentes do lugar.  Sobresaen tres elementos: a ermida, a fonte e o conxunto de dez rochas.

**A ermida**
Descoñécese a data da súa construción, pero no século XV o arcebispo Rodrigo de Luna impulsa a súa reconstrución. Do interese do arcebispo de Santiago por Padrón e Iria queda testemuño no lintel da porta sobre a que loce o seu escudo.

Conta cun pórtico de recente construción onde se colocou en 1.999 un busto (hoxe desaparecido) do cardeal de Santiago Martín de Herrera, impulsor das peregrinacións ao lugar e promotor da restauración de finais do s. XIX.

Na porta da fachada leste, antiga entrada, o relevo representa o bautismo de Raíña Lupa por parte do Apóstolo. A ambos os dous lados observamos un pináculo cuadrangular, símbolo da ascensión divina.

**A fonte**
A tradición popular transmitiu a crenza de que a fonte era froito dun milagre do Apóstolo quen fixo xermolar auga da rocha ao golpeándoa 3 veces co seu báculo para apagar a sede dunha xentil muller.

**As rochas**
No centro do conxunto dos 10 grandes rochas, destaca a figura de Santiago sobre unha peaña. Diante hai unhas cruces gravadas e unha inscrición que reza, segundo algúns “Esmola para Santiago Maior Apóstolo” e “Esmola para Xesús e María”, segundo outros; en todo caso, ao lado desta debeu de existir un peto.

Na rocha superior observamos unha cruz pétrea que xa existía no século XVII. No século XVI, os peregrinos subían as rochas de xeonllos rezando en cada un dos chanzos e remataban o rito pasando a través deles. A crenza popular asegura que se non se percorren de vivo, se fará de morto. Ademais cada un dos tres ocos recibe un nome: inferno, ceo, purgatorio.

A tradición popular atribúeos ao Apóstolo para librarse dos seus perseguidores, asegurando que a pedra cedeu para que Santiago puidese agachar nela a súa cabeza e brazo dereito. Outros afirman que son pegadas do seu cabalo.

Neste lugar tódolos 25 de xullo celébrase a romaría do Santiaguiño do Monte onde familias e amizades xúntanse arredor deste conxunto único para celebrar o día de Santiago.



Santiaguiño do Monte



Imaxe pétrea do Apóstolo Santiago localizada no interior da ermida do Santiaguiño do Monte



Imaxe preto de 1890




Nestas dúas imaxes podemos apreciar que diante das rochas do Santiaguiño existía un altar pétreo. Anos máis tarde trasladouse ao interior da capela que alí se atopa.






Exterior da ermida do Santiaguiño do Monte. Descoñécese a data da súa construción. Aparece testemuño dela, por primeira vez, en diversas fontes historiográficas, no século XV.

# 6. Pazo de Quito

Obra en estilo renacentista, de Melchor Velasco Agüero construído no ano 1666 por encarga de don Alonso de la Peña Montenegro, quen financiou as obras do pazo sen chegar a residir nunca nel.

Padronés de nacemento, foi reitor da universidade de Santiago, bispo e Capitán Xeral de Quito, onde faleceu no 1688, e onde permanecen os seus restos, a pesar de que se construíse o seu sepulcro nunha das capelas da colexiata de Iria. Na parte da rúa Dores locen dous escudos do arcebispo, mentres que na súa outra fronte se encontra unha entrada cun espléndido patín.



Pazo de Quito

# 7. Pazo de Arretén

Construción de estilo barroco con posible orixe do século XVI e reformado no século XVII.

Pazo en forma de ‘L’ no que destaca a súa gran balconada de pedra ao logo da súa fachada principal.

O pazo está vinculado á familia materna de Rosalía de Castro, ademais é un dos puntos de obrigada visita para as persoas que realizan a Ruta Rosaliana (ruta polos concellos de Ames, Brión, Dodro, Padrón e Santiago de Compostela que percorre o lugares relacionados coa vida da autora padronesa).





Pazo de Arretén, ano 1926.

# 8. Antigo Casino



Casino de Padrón, século XX. Localizado na rúa Longa

# 9. A Fábrica de Azucre

A industria de azucre de remolacha chega a Iria Flavia entre os séculos XIX e XX. A construción das instalacións inauguráronse o 15 de novembro de 1901 ocupando preto de 6 hectáreas de terreo para a súa instalación.

Situouse preto da estación de ferrocarril e a materia prima chegada mediante esta vía dende Aragón.

Tres anos despois cesa a súa produción e en 1907 fecha a fábrica.

De todas as construcións realizadas hoxe en día so se conserva un edificio que se dedicaba a residencia.

Sinalar que as instalacións da fábrica foron empregadas dende o ano 1937 como campo de concentración de presos políticos de todo o Estado, chegando a acoller preto de mil persoas.





# PADRÓN NATURAL

# 1. Xardín Botánico Artístico de Padrón

A primeira documentación que recolle a existencia do Xardín é de 1869, aínda que probablemente poida ser unha obra do século XVIII.

O Xardín, cunha extensión de case unha hectárea, garda numerosas especies de todo o mundo, varias delas pertencentes ao Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia: A Coroa de Cristo, o Carballo Fastixiado, o Castiñeiro de Indias, a Palmeira do Senegal e as Sequoias Vermellas (dedicadas a Macías o Namorado e Rosalía de Castro).

É un xardín xacobeo con distintas decoracións ligadas ao Camiño de Santiago como as cunchas e a cruz de Santiago no enreixado e columnas de pedra. Pero tamén un xardín literario con especies vinculadas a literatos como os xa mencionados, ademais de Camilo José Cela ou Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao.

Dentro dos recunchos singulares que atopamos no Xardín hai un que resalta, o lugar onde está o Banco do Namorados, obra de Fernando Castaño do ano 2010, que lembra a todas esas parellas que moceaban nun banco localizado no mesmo lugar, feito en madeira.

O recinto foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 1946.



Imaxe da entrada principal localizada nun lateral.
Década de 1920



Entre 1920 e 1930



Década de 1920



Entre 1920 e 1930
Arquivo Histórico Provincial de Lugo



Ano 1969



Fonte monumental do Xardín. Década de 1920

# 2. Paseo do Espolón

Este espazo verde padronés foi construído no século XIX (1832) sobre un antigo areal do río. A veciñanza das catro parroquias da xurisdición deberon contribuír cos seus carros, bois e traballo para conducir a pedra, terra e entullos necesarios para o seu levantamento, o cal motivou protestas, pois as persoas traballadoras alegaban que era un espazo unicamente concibido para a "recreación".

Nel celébrase todos os domingos do ano, un típico mercado ao que acoden miles de persoas, e no que se venden todo tipo de produtos.

Nos extremos do paseo atópanse os monumentos dedicados a dous dos literatos máis importantes de Padrón:

**Monumento a Camilo José Cela** (Ramón Conde, 2003). Camilo José Cela Trulock (1916-2002). O autor de obras como *La Familia de Pascual Duarte*, *Novas Andanzas y Desventuras del Lazarillo de Tormes, Viaxe a la Alcarria, La Colmena*..., gaña o Premio Nobel de Literatura en 1989, o premio Cervantes (1995), e o premio Príncipe de Asturias (1987). Crea e inaugura na vila a súa Fundación (1991).

**Monumento a Rosalía de Castro** (José Mª Mateos, 1957), doado polos padroneses de Uruguai e Bos Aires. Rosalía de Castro (1837-1885). Nace en rúa Nova (Conxo) como filla de pais descoñecidos (en realidade filla da fidalga Mª Teresa de la Cruz de Castro e Abadía e o sacerdote José Martínez Viojo). Autora do poemario *Cantares Gallegos* (1863) situouse fronte ao *Rexurdimento* cultural de Galicia xunto con Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

O seu libro *Follas Novas* (1880) é para moitos críticos o mellor poemario galego. Grazas á súa obra en castelán *En las orillas del Sar*, é considerada precursora da poesía castelá moderna.

Pasa parte da súa nenez en Padrón e tras o seu matrimonio con Manuel Murguía, co que tivo 7 fillos, instálase definitivamente na casa da Matanza, onde falece (1885). Os seus restos trasladáronse ao Panteón de Galegos Ilustres (1891) quedando no cemiterio da súa vila natal só unha lápida como testemuño.



*E. Pérez Artime, 1935*





*E. Pérez Artime, 1902*







Paseo do Espolón na metade da década de 1960




José Rey Vigo e a súa dona Lolita Castro Otero diante do monumento a Rosalía de Castro a finais da década de 1960







Mercado dominical



Lavandeiras no río Sar





Vendedora no mercado dominical
*J. Cabo Rey, 1962*



Rúa do Carme e vista do Paseo do Espolón.
Ano 1890



Actual rúa de Castelao.
*E. Pérez Artime, 1905*
Na parte dereita vese o antigo mercado de pescado



Ano 1968



Litografía de finais do século XIX.
Descoñécese a data concreta (aproximadamente década de 1870).
Vese a igrexa parroquial construída en 1868 e aínda non están plantadas as árbores do paseo (cara 1881). Tamén apreciase que a horta da casa da familia de la Riva aínda non ten o muro de peche da finca, e a rúa non está empedrada.

# PADRÓN ETNOGRÁFICO

# 1. Celebracións relixiosas

Ao longo de todo o ano Padrón celebra diferentes actos litúrxicos con grande arraigo para a poboación local como para os visitantes que se achegan á vila rosaliana.

Destacan especialmente as procesións de Semana Santa, organizadas pola igrexa parroquial de Santiago de Padrón en colaboración coa confraría do Santo Enterro e coa confraría Virxe das Dores.

O 6 de maio conmemórase en Padrón a festividade de San Xoán do Raio, patrón da Vila. As orixes desta festividade remóntanse ao ano 1613. Nesta época, un raio caeu sobre a igrexa de Santa María a Maior de Iria Flavia durante o transcurso da misa dominical. O incidente tan só causou danos materiais, chegado a destruír unha das torres da antiga colexiata pero sen afectar a ningunha das persoas alí presentes.

A festividade de Corpus Christi tivo dende hai séculos presencia no calendario procesional de Padrón, e existen tamén testemuños escritos que así o fan constar, sobre todo na igrexa de Santa María a Maior de Iria Flavia.

O mes de xullo garda unha das celebracións máis populares: as festas do Santiaguiño do Monte. O día 25, día de Santiago, sae á rúa en procesión Santiago 'O Parrandeiro' ata o lugar de Santiaguiño do Monte. Aquí celébrase a tradicional romaría popular, unha cita para a xuntanza coa familia e as amizades moi apreciada pola xente de Padrón.

## CORPUS CHRISTI







## ROMARÍA DE SANTIAGUIÑO DO MONTE



Festa do Santiaguiño do Monte



Procesión do Santiaguiño do Monte na rúa Ruiz Pons, década de 1980



Imaxe da procesión diante da capela do Santiaguiño na década de 1950 co Santiago ecuestre



Comida campestre da familia Rey Vigo na década de 1960





Festa do Santiaguiño do Monte



Década de 1980



















Ano 1970



## SAN XOÁN DO RAIO



Procesión de San Xoán do Raio pola desaparecida rúa Macías
(actual Praza de Macías)

## VENRES SANTO





Procesión de Venres Santo de 1961

# 2. Festas da Pascua

**Declarada Festa de Interese Turístico de Galicia no ano 2022**

As festas da Pascua no concello de Padrón son uns dos festexos máis importantes que se celebran na vila rosaliana contando cunha tradición de séculos de antigüidade.

En 1609, Xerónimo del Hoyo, cardeal de Compostela, escribiu sobre as nosas feiras de gando. Xa daquela, unha das máis importantes de Galicia celebrábase no Campo Grande e nun souto de castiñeiros "chegando a elas todo xénero de mercadorías, e gandos, que ían mercar mercadores casteláns e portugueses, para a provisión das súas terras". Realizábanse varias veces ao ano "A primeira é por Pascua de Flores e dura tres días; a segunda, por ledanías e dura outros tres; a terceira, por San Xoán e dura dous días; a cuarta, pola Nosa Señora en setembro e dura tres días; e a derradeira, por Todos os Santos e dura dous. As mellores son as de Pascua, ledanías e setembro" (Xosé Filgueira Valverde, Pascua 1995).

Arredor desta feira de gando uniuse o carácter festivo e relixioso, xa que coincidía coa Semana Santa en proximidade de datas, converténdose actualmente nun referente das festas galegas.

O Concello de Padrón convida a todos os pascueiros e pascueiras a gozar dos preto de 15 días de ambiente festivo, procesións, atraccións, casetas de polbo, feiras, música... e un amplo abano de actividades para todas as idades.








Postos da feira na Pascua da década de 1960

# 3. As Raíñas da Festa



# 4. Día de Galicia

Para a conmemoración do Día de Galicia, realizábase en Padrón, o 19 de agosto de cada ano, un concurso de gando vacún.

As festas prolongábanse ata o día 22, organizándose tamén unha exposición de produtos agrícolas e un desfile de carros engalanados.



Primeiro premio. Ano 1947










FERRETERIA













Segundo premio. Ano 1947







































































# 5. Feira do gando




Feira do gando no campo do Souto, ano 1902

# 6. Os cabezudos



Casa Charles Alberty y Compañia
Arquivo Histórico Provincial de Lugo, 1920-36



Imaxe de finais do século XIX



Casa Charles Alberty y Compañía Úrquivo
Histórico Provincial de Lugo, 1920-36

# 7. As bandas de música



Banda de Música Municipal Rosalía de Castro 1889-1933



Banda de Música Municipal de Padrón, ano 1959

# 8. Fútbol



Inicio da década de 1950

# 9. Os gaiteiros



Gaiteiros no adro do convento do Carme





Gaiteiros en Fondo de Vila



Gaiteiros acompañando na procesión de San Isidro

# 10. A ensinanza



Antigo edificio de Bacharelato, actual Auditorio Municipal



Irmáns Ramón, Jesús e José Rey
Vigo no grupo escolar, 1945



Vista dende o paseo do Espolón do antigo colexio de orfos do exército, A Milagrosa



Escola pública de Antonio Blanco Vázquez, ano 1920



Don Tiberio Basalo e dona Elena Baleirón cos alumnos da súa academia.



Edificación do grupo escolar, década de 1930

# 11. Outros



Ano 1969 coa típica tarta padronesa de Confitería Latorre. *Fotos Cao*



Década de 1940

# PADRÓN LITERARIO

A literatura é un elemento cultural fortemente vinculado á historia de Padrón. De recoñecemento universal gozan as obras de Rosalía de Castro e de Camilo José Cela, aínda que este lugar é tamén berce literario de outros escritores da talla de Macías o Namorado, Juan Rodríguez de la Cámara, Nicaso Pajares e Manuel Barros.

A transcendencia literaria dos autores de Padrón queda testemuñada na súa sociedade que, dende os primeiros tempos, soubo expresar a gratitude polas súas letras. Un bo exemplo son a diversidade de actos conmemorativos que xiran arredor desta temática.

# 1. Na lembranza de Rosalía de Castro



Casa Museo Rosalía de Castro




Gala Castro, filla de Rosalía de Castro, en Casa Castaño, Pontecesures




Fototipia Thomas, 1920



No centro, Gala, filla de Rosalía de Castro, coas raíñas da festa



Casa das tías maternas de Rosalía de Castro na rúa Juan Rodríguez de Padrón, onde a escritora viviu parte da súa nenez.



Imaxe publicada en Estampas de Galicia.
*Estudios Ksado, 1936*



*A.F. Miguel Durán-Loriga* / Museo de Pontevedra. Década de 1940



Casa Museo Rosalía, década de 1970

# 2. Na lembranza de Nicasio Pajares



Rúa Santiago. Casa onde naceu o escritor Nicasio Pajares Ojeros
o 15 de decembro de 1881

# 3. Na lembranza de Camilo José Cela



Casa da familia Trulock en Iria Flavia, onde naceu Camilo José Cela o 11 de maio de 1916.
Detrás pódese ver parte da antiga fábrica de azucre.
*E. Pérez Artime, 1901*

# AS RÚAS DE PADRÓN

A disposición das rúas do casco histórico de Padrón conserva a mesma estrutura desde a Idade Media. A rúa principal, coñecida como a rúa Longa é o eixo central onde 'morren' a maioría das pequenas rúas deste espazo. Está presidida pola Casa do Concello, un edificio neoclásico construído no século XVIII.

Neste espazo cohabitan espalladas varias prazas. A poucos metros da rúa Longa atópase a praza principal da Vila, a praza de Macías, no nome do trobador medieval padronés. Moi próxima a esta, sitúase a praza de Baltar coa súa farmacia, unha das máis antigas de Galicia. Seguidamente, aos pés da igrexa parroquial de Santiago de Padrón, está a praza de Amigos e Fillos de Padrón, lugar de celebración de icónicos actos relixiosos e institucionais da Vila.

A monumentalidade do casco histórico de Padrón chega ata a beira do río Sar, alí foi construída, no ano 1903, a praza de abastos, un amplo edificio que chega aos nosos días logo de varias remodelacións. Ao seu par, o símbolo do mercado padronés: o paseo do Espolón, construído no século XIX. Xa dende a Idade Media este espazo é visitado por milleiros de persoas que chegan de distintas partes de Galicia e dos arredores para desfrutar dos seus apreciados produtos (gastronómicos, téxtiles, calzado, apeiros de labranza, etc.).

# 1. Vista aérea de Padrón

















Vista de Padrón
Paisajes Españoles, década de 1980





Vista aérea do lugar da Ponte

*Vista aérea de Padrón*





*Vista aérea de Padrón*





Vista aérea de Padrón











Vista de Padrón, 1964

# 2. Entrada Norte a Padrón - Rúa Real















Entrada Norte a Padrón - Rúa Real







# 3. Rúa Longa





A banda de música nun acto oficial











*E. Pérez Artime, 1915*





Festa da Pascua de 1936

# 4. Fondo de Vila





*E. Pérez Artime, 1925*



Década de 1990











E. Pérez Artime, 1925


PUERTA
DE
PONTO DE VILA

# 5. Rúa do Castro



# 6. Rúa Murgadán



# 7. Rúa de Santiago



Década de 1930



*R. Dimas, 1956*





Vista da rúa Santiago e do lugar da Pedreira dende o convento do Carme. Década de 1930

# 8. Rúa Vidal Cepeda



Antiga rúa da Pescadería Vella, 1915

# 9. Rúa Real



Ano 1940

# 10. Rúa Enlace Parque



# 11. Praza de Macías









Nesta imaxe pódese ver o palco de música de madeira onde actuaba a banda de música





Inauguración da praza de Macías o 16 de xullo de 1920




Antiga casa que se derribou para construír a praza actual en 1920



Celebración das festas da Pascua en 1936. Actuación da banda de música.





Década de 1950

# 12. Praza de Baltar







# 13. Praza de Amigos e Fillos de Padrón





Ano 1949



# 14. A Praza de Abastos







*E. Pérez Artime, 1910*







Construción da praza de Abastos
*E. Pérez Artime, 1903*

# 15. Campo do Souto







# 16. Praza das Travesas




Década de 1980

# 17. Rúa Nueva





Década de 1930

# 18. Rúa Rosalía de Castro




Rúa Rosalía de Castro



# 19. Campo da Barca



PADRÓN.—Vista del lugar denominado «La Barca», á donde se supone arribó el cuerpo del apóstol Santiago

Foto del año 1895.

Ano 1895






*P. Ferrer, 1910*
A Pedreira e o areal do campo da Barca e á esquerda a rúa Santiago

# 20. As Lágrimas





Ano 1968

# 21. Avenida de Compostela






Entrada a Padrón engalanada pola visita das S.M. os Reis o 26 de xullo de 1976



# 22. Avenida da Estación





Ano 1925

# PADRÓN POR PARROQUIAS

# 1. Parroquia de Santa María de Herbón

Ás terras desta parroquia chegaron fai varios séculos os mundialmente coñecidos pementos de Herbón – Padrón. Traídos dende o continente americano polos franciscanos do Convento de Santo Antonio de Herbón.

Esta orde franciscana instalouse ao carón do río Ulla no ano 1396, erixindo unha edificación fundada por Fray Gonzalo Mariño y Fray Pedro Nemancos, que garda 6 séculos de historia chegando ata os nosos días.

O conxunto arquitectónico foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 2013 no que destaca a súa igrexa dedicada a San Antonio e o claustro recentemente restaurado. Na súa horta sobresae a palmeira centenaria que está catalogada coma árbore senlleira de Galicia, sen esquecer a carballeira que atopamos ao chegar ao recinto e onde se celebra cada primeiro sábado de agosto a Festa do Pemento de Herbón.

Na parte traseira do convento pasa o leiro do río Ulla, onde, dende hai centos de anos, os habitantes de Herbón e Carcacía pescan a lamprea. Hoxe en día aínda se conservan as pesqueiras, construcións tradicionais, que algúns afirman que son da época dos romanos, realizadas en pedra, onde se pesca de xeito tradicional este peixe prehistórico.

Moi preto atópase a igrexa románica de Santa María de Herbón. Edificio do século XII que foi mandado construír polo arcebispo Xelmírez. Cunha soa nave e contrafortes, destaca a altura que ten o edificio relixioso.

## VISTA AÉREA DE HERBÓN



# CONVENTO DE SANTO ANTONIO DE HERBÓN




Tarxeta postal, 1915




Tarxeta postal, 1915




Tarxeta postal, 1915






Á ORILLAS DEL ULLA. COLEGIO SERÁFICO DE S. ANTONIO DE
HERBÓN. PADRÓN (CORUÑA)















Grupo de instrución catequística en Herbón







Grupos de alumnado e profesorado do convento de Santo Antonio de Herbón

## IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE HERBÓN






Imaxes da fachada da igrexa parroquial de Santa María de Herbón datada no século XII



Ábsida de estilo románico da igrexa de Santa María de Herbón

## A PESCA DA LAMPREA













Tarxetas postais, 1915

## 2. Parroquia de Santa María de Cruces

O Santuario da Nosa Señora da Escravitude está a tan só 5 km da zona antiga de Padrón en dirección a Santiago de Compostela, na marxe dereita.

Cómpre resaltar a fonte que está baixo as súas impresionantes escalinatas, da que se narra una interesante e milagreira historia. Conta a mesma que un home enfermo que facía o Camiño de Santiago para conseguir a curación da súa hidropesía, parouse na fonte a beber, sendo curado 72 horas despois, sen a intervención de ningún médico. Por elo o home exclamou “Gracias, Virxe, que me libraches da escravitude do meu mal”.

Esta historia forma parte viva da orixe do santuario, que comezou a edificarse grazas á doazón do camiñante sandado e das numerosas persoas fieis que con fe chegaron en peregrinación tras o milagre citado. A obra do templo foi rematada no ano 1886.

Así finalizou un proxecto que comezou xa no S.XVI, cando o párroco de Cruces colocou sobre a fonte unha imaxe pétrea da virxe co neno en sinal de agradecemento por un favor que recibiu dela.

De especial interese son os numerosos cadros de temática mariana que se atopan expostos na súa sancristía, ofrendas de fe á Virxe realizadas por persoas fieis tras superar unha dificultade vital.

# SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DA ESCRAVITUDE







Tarxetas postais, 1915













Tarxetas postais, 1915






11 - Santuario de la Esclavitud. — Virgen del Rosario





## IGREXA DE SANTA MARÍA DE CRUCES



# A ESCRAVITUDE






*E. Carreño, 1901*

## 3. Parroquia de Santa María de Iria Flavia

A Colexiata de Iria sufriu reformas ao longo dos séculos. Ignórase a data exacta da súa orixe, supoñendo a súa existencia dende os primeiros anos do cristianismo. Foi construída, na súa maior parte, polo bispo Lucrecio, no mesmo lugar onde, segundo a tradición, apareceuse a Virxe ao apóstolo Santiago, animándolle á propagación da fe en España. Na lembranza deste suceso, está representada a primeira imaxe no selo do Cabido, sobre un trono de nubes, en ademán de falar co Apóstolo.

Da primitiva basílica de Santa María, tan solo as últimas (e aínda parciais) escavacións arqueolóxicas están brindando restos construtivos que, por ser da época, e pola súa localización, permiten supoñelos integrantes dela, ou alo menos relacionados. Almanzor non só incendiou Iria, senón que destruíu os seus templos, coma demostran os restos descubertos no nivel correspondente, superior ao xermánico. As reconstrucións e edificacións feitas en tempo dos bispos Cresconio e Diego Pelaez (século XI), quedaron abandonadas ao ser trasladada a sede a Compostela, ata que Xelmírez decidiu devolverlle parte do seu pasado esplendor establecendo unha colexiata, con un cabido composto de 12 eclesiásticos presididos por un prior, e coa categoría de segunda cátedra compostelá. Esta colexiata foi suprimida polo Concordato de 1851, quedando Iria reducida á parroquia e cabeza do arciprestado.

Da igrexa que no século XIII substituíu ás anteriores construcións, sábese que era un templo de grandes proporcións, con tres naves separadas por columnas unidas formando piares, e tres ábsidas semicirculares. Desta edificación queda tan só a portada principal, de clara factoría gótica.

O templo actual, construído nos séculos XVI e XVII, é de planta rectangular, con tres naves separadas por piares, cruceiro e presbiterio, cuberto todo por bóvedas de aresta. No século XVII engadiuse ao templo, polo costado sur a capela do bispo de Quito, Don Alonso de la Peña y Montenegro, nado en Iria, e cóengo da súa igrexa. Con anterioridade o seu bispado fixo edificar a capela de San Idelfonso, fundada polo seu avó, para a que mandou facer un retablo de madeira e unha reixa dourada. En 1659 faise a escritura, e en 1670 inaugúrase a capela. Esta capela é

obra do arquitecto Melchor de Velasco, e nela o prelado ten o seu mausoleo cunha estatua orante. O sepulcro está baleiro, pois os seus herdeiros, non cumprindo os seus desexos, deixaron as súas cinzas no Perú. A capela está pechada cunha reixa que, polo perfil do seu balaustre, indícanos que nos atopamos en época barroca.

Dentro das reformas feitas no templo iriense no século XVIII, non podemos deixar de falar de Pedro García, mestre de obras que secundou a frei Gabriel de Casas, cuxas obras, deixadas por terminar, rematou. As fábricas que lle tocou realizar eran das mais importantes do súa época. Era natural de Santa María de Sacos (Pontevedra). A primeira noticia que se posúe del é de 1704, cando toma as obras de reforma da capela da Confraría do Rosario, na igrexa conventual de Santo Domingo (Santiago de Compostela), de acordo coas trazas dadas por Frei Gabriel de Casas. Despois acabou a igrexa de Santo Antonio de Herbón, e de 1708 a 1714 reconstruíu, de acordo coas súas propias trazas, a igrexa da Colexiata de Iria Flavia.

Reconstrución da igrexa de Iria Flavia: En 1690, frei Gabriel de Casas presentou un proxecto para a súa reconstrución, que non chegou a realizarse, a causa duns roces entre o Cabido da Colexiata e a Xunta e Rexemento de Padrón. A historia é un tanto embrollada: En 1689 o cabido iriense pagou a Diego de Romay Junqueras 150 reais polo recoñecemento da igrexa e pola formación da planta e presuposto das obras de construción, para o que fixo postura nun concurso con Andrade e Gabriel de Casas, que resultou o mellor ofertante dos tres. Adxudicadas ao mestre beneditino as obras, comprometeuse este a reconstruír o corpo principal da igrexa e a bóveda da capela maior, de acordo coas súas propias trazas, pero as obras non se acometeron deseguido, e houbo varios impedimentos que estorbaron a súa realización. Polo Cabido da Colexiata, o 10 de febreiro de 1696, sábese que, nese ano, o vicario Diego Somoza propuxo pedir axuda ao Cabido e Arcebispo de Santiago, pois había cinco o seis años *por reconocer la ruina de la iglesia de Santa María se había querido reparar, y por falta de medios de la fábrica de dicha iglesia se había dejado, pero ahora era notorio a todos que nadie podía entrar a decir misa a la iglesia mayor por el riesgo de venirse al suelo la bóveda, debido a habrse abierto en el invierno mucho más de lo que antes estaba (Arquivo arcebispal de Santiago, leg. 327, lib. IV, fol. 222).*

Andrade foi chamado para recoñecer o estado do edificio e ditaminar se había que reconstruír totalmente a igrexa e que, de ser así, fixese as trazas necesarias. No cabido Colexial, de 15 de marzo de 1696, dase conta da visita do mestre da catedral de Santiago. O arquitecto que fixera o plano a todas as súas paredes e columnas concluíu, o mesmo que Diego de Romay e Frei Gabril de las Casas, *que la iglesia se venía abajo por falta de cimiento bastante en las paredes y reempuxos en los estribos, como se reconocía de estar abierta la bóveda de la capilla mayor y los arcos de la nave principal de nuevo, desde los cimientos menos de la pared de la portada principal, la cual se auia de rebaxar ante debaxo del espexo para fabricarse de nuevo desde allí arriba (Cabido colexial do 15 de marzo de 1696).*

En 1708 a igrexa estaba no mesmo estado, cando Pedro García contratou a reconstrución do cruceiro e cravo inmediato, para o que deu trazas. En 1711 paralizáronse os traballos por falta de cartos. O 8 de novembro de 1711 dos cóengos designados polo Cabido da colexial informaron ao arcebispo Monroy do estado no que se atopaba a fábrica por falla de medios. Este mecenas, ao que tanto debe o arte galego, deu cartos para que se efectuara a mesma previa visita dos cóengos santiagueses que foron a Padrón para establecer un presuposto. O 25 de xaneiro de 1712 Pedro García asinou un novo contrato no que especificaba que a obra sería *toda ella de cantería y arista, con sus capas y bóveda, ventanas correspondientes y la de encima de la puerta principal de tres palmos de alto por nueve de ancho con sus capillas, la mayor y la sacristía; gradas en el altar mayor y la sacristía; gradas en el altar mayor y a la entrada de la capilla mayor y sus púlpitos.* Tamén sinálase que *de parte de afuera de dicha iglesia ha de quedar empredrada de la delantera y en la fachada principal hará dos arcos a los lados del norte y vendaval, a cada uno el suyo, para refugio de la gente, para que indiquen su antigüedad y sin deshacer la portada principal.*

O 11 de xullo de 1713, unha delegación visitou ao arcebispo para notificar que a obra estaba rematada, excepto a torre norte e o retablo maior. A resposta do prelado foi negativa, pois segundo lles contestou, estaba empeñado cos gastos da capela do Pilar, que neses momentos estaba construíndo Casas y Novoa na Catedral Compostelá.

O 8 de agosto de 1714 bendíxose a igrexa. O arcebispo, pouco tempo despois,

deu os cartos para o retablo maior, que se fixo con trazas do escultor Miguel de Romay.

A súa fábrica respectou, na súa planta e alzado, a disposición medieval do templo anterior con dominio da horizontalidade sobre a liña vertical. Ao exterior, hoxe sen os portachos que segundo o contrato debían figurar, a fachada é lisa. O arquitecto respectou o tímpano medieval da antiga portada, que representa a Epifanía.

# VISTA AÉREA DE IRIA FLAVIA





## IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA A MAIOR DE IRIA FLAVIA





Arredor de 1890









E. Carrero, 1901







Casa dos Cóengos
*E. Pérez Artime, 1901*





# A PONTE





Río vello no campo da Insua



Imaxe da Financiera Maderera, S.A. (FINSA)



*J. Otero Acevedo, 1897*

# A CONTORNA DE PADRÓN

# Pontecesures






1 - CESURES. Puente de Hierro





Extracción de area no río Ulla



Pacheco. Imaxe da 1ª Feira de automóbil de ocasión, 1925

# ACONTECEMENTOS

# 1. Inauguración do monumento a Rosalía o 23 de abril de 1957, luns de Pascua





















# 2. Inauguración da Praza Camilo José Cela



18 de agosto de 1947

# 3. Inauguración da Praza de Baltar



18 de agosto de 1947

# 4. Visita do cardeal Quiroga a Iria Flavia



# 5. O ferrocarril en Padrón



*E. Pérez Artime*. Inicios do século XX





Accidente de ferrocarril en Pazos o 20 de maio de 1952

# 6. Os desbordamentos do Río Sar





Ponte que unía o campo da Barca
co Bordel, 1962







## PASEO DO ESPOLÓN









## FONDO DE VILA





## PONTE DE SANTIAGO





*E. Pérez Artime, 1910*



# PRAZA DE MACÍAS




Ano 1930







Ano 1947

## RÚA ALONSO DE LA PEÑA

Ano 1925



## RÚA LONGA







## RÚA NOVA





## RÚA REAL



*J. Pintos, 1925*

## RÚA VIDAL CEPEDA



## XARDÍN BOTÁNICO







# PADRÓN ARQUEOLÓXICO

# 1. Escavacións arqueolóxicas en Iria Flavia



Escavacións no ano 1994







Escavacións no ano 1994



Escavacións no ano 1994

# 2. Restos arqueolóxicos na praza Camilo José Cela no ano 2011









# FOLLETOS TURÍSTICOS



Fachada de la Iglesia de Santa María, ex colegiata de Iría Flavia

## fiestas

Padrón, igual que el resto de Galicia, vibra al son de la melancólica gaita y del recio tamboril. Sus bellas canciones y su música adquieren ritmo y fuerza plástica en sus danzas típicas. Las fiestas principales se celebran con diversas competiciones deportivas y populares romerías, en las que se canta, se baila y se hace honor a la rica gastronomía local. No podemos dejar de citar el vino de Padrón, de pocos grados, pero de un extraordinario "bouquet", especialmente apropiado para acompañar al marisco.

Las fiestas mayores son movibles y se celebran con motivo de la Pascua; comprenden varios días. Durante ellas tienen lugar ferias de ganado y de maquinaria agrícola.

Otras festividades son el 13 de junio, San Antonio, y el 11 de julio, San Benito, ambas en el monasterio de Herbón. El 25 de julio se celebra la fiesta del Apóstol Santiago, con tradicional y típica romería. El último domingo de agosto se conmemora la fiesta de San Bartolomé, con la actuación de las mejores orquestas de España. Y el primer domingo de octubre, la del Rosario, en la ciudad y en el renombrado santuario de la Esclavitud.

Paseo del Espolón






Fuente del Carmen

texto ● J. Martínez Cañas
maqueta ● A. R. Macías
fotos ● M. Cotos Rajoy
realización ● SERVICIO DE PUBLICACIONES
ref. ● Pdr-Ñ

Impreso por: IMPRENTA INDUSTRIAL S. A. - Bilbao

EL TURISMO, PASAPORTE DE LA PAZ

ORGANISMOS EDITORES: MINISTERIO DE INFORMACION Y TURISMO ● AYUNTAMIENTO DE PADRON

PUBLICACIONES DE LA SUBSECRETARIA DE TURISMO

DIRECCION GENERAL DE PROMOCION DEL TURISMO

EJEMPLAR GRATUITO - VENTA PROHIBIDA - PRINTED IN SPAIN - D. L. BI-185 - X - 969



# PADRON

LA CORUÑA ESPAÑA

Crucero Fondo de Vila



Fachada de la iglesia de Santa María, ex colegiata de Iria Flavia

## fiestas

Padrón, igual que el resto de Galicia, vibra al son de la melancólica gaita y del recio tamboril. Sus bellas canciones y su música adquieren ritmo y fuerza plástica en sus danzas típicas. Las fiestas principales se celebran con diversas competiciones deportivas y populares romerías, en las que se canta, se baila y se hace honor a la rica gastronomía local. No podemos dejar de citar el vino de Padrón, de pocos grados, pero de un extraordinario "bouquet", especialmente apropiado para acompañar al marisco.

Las fiestas mayores son movibles y se celebran con motivo de la Pascua, comprenden varios días. Durante ellas tienen lugar ferias de ganado y de maquinaria agrícola.

Otras festividades son el 13 de junio, San Antonio, y el 11 de julio, San Benito, ambas en el monasterio de Herbón. El 25 de julio se celebra la fiesta del Apóstol Santiago, con tradicional y típica romería. Y el primer domingo de octubre, la del Rosario, en la ciudad y en el renombrado santuario de la Esclavitud.

Paseo del Espolón





Jardines

texto • J. Martínez Cañas
maqueta • A. R. Macías
fotos • M. Couto Rajoy
realización • EDITORA NACIONAL
ref. • Por-N
[illegible]

ORGANISMO EDITOR: MINISTERIO DE INFORMACION Y TURISMO

PUBLICACIONES DEL MINISTERIO DE INFORMACION Y TURISMO
DIRECCION GENERAL DE PROMOCION DEL TURISMO

Ejemplar gratuito. Venta prohibida. Printed in Spain. D. L. V - 3251 - XII - 1967 (E)



# PADRON

LA CORUÑA ESPAÑA



Fuente del Carmen




Fuente del Carmen

texto ● J. Martínez Cañas
maqueta ● A. R. Macías
fotos ● M. Cotos Rajoy
realización ● SERVICIO DE PUBLICACIONES
ref. ● Pdr-Ñ

Impreso por: IMPRENTA INDUSTRIAL S. A. - Bilbao

EL TURISMO, PASAPORTE DE LA PAZ

ORGANISMOS EDITORES: MINISTERIO DE INFORMACION Y TURISMO ● AYUNTAMIENTO DE PADRON

PUBLICACIONES DE LA SUBSECRETARIA DE TURISMO

DIRECCION GENERAL DE PROMOCION DEL TURISMO

EJEMPLAR GRATUITO - VENTA PROHIBIDA - PRINTED IN SPAIN - D. L. BI-185 - X - 868



# PADRON

LA CORUÑA ESPAÑA

Crucero Fondo de Vila

# GRAVADOS E PLANOS



Padrón en 1669. Debuxo de Pier María Baldi. Pormenor



Vista de Padrón no mes de marzo do ano 1669. O debuxo é unha acuarela realizada por Pier María Baldi, durante a viaxe do Duque de Toscana, Cosme de Médici, por España e Portugal, nos anos 1668-1669. Ofrécenos unha vista xeral do Padrón do século XVII, na que destacan a torre-fortaleza de entrada á vila por poñente, reedificada xa polos danos sufridos durante a revolta dos Irmandiños; e a ponte románica que entón cruzaba o Sar, ata  a súa destrución por unha riada o domingo de Ramos no ano 1846. Sobre a ponte estaba unha das portas de entrada ao burgo, anexa á Torre Moucha.

Tamén obsérvanse as cinco portas de entrada ao pobo, entón amurallado, das que fala Jerónimo del Hoyo: Unha cara o Sur, chamada Fondo de Vila; outra cara o Este, denominada do Sol; outra cara o Norte, nomeada do Bordel, e outras dúas cara o Oeste, chamadas porta da Barca, no Murgadán, e porta da ponte de Santiago, na fortaleza.



Imaxes extraídas de “La Ilustración Gallega y Asturiana”. Tomo II, data 18 de marzo de 1880

**Arriba:** Vista xeral tomada desde o atrio do Convento do Carme (inundación do 16 de febreiro)

**Abaixo, de esquerda a dereita:** Trabanca de abaixo (El Ribeiro). Un episodio da noite do 15 de febreiro. Repartición de víveres na rúa do reloxo



Imaxes extraídas de “La Ilustración Gallega y Asturiana”. Tomo II, data 28 de marzo de 1880

**1.** Plaza del hilado.

**2.** Puente sobre el Sar

**3.** El Burgo Nuevo (Trabanca de abajo)

**4.** Calle del Sol



Vista de Padrón no ano 1820






Ponte sobre o río Ulla. Gravado no Semanario Pintoresco Español, 1852




Plano de Padrón de 1799

# Plano da Vila de Padrón 1799

As diferencias do trazado de Padrón de fai 200 anos respecto ao actual son notables. O paseo do Espolón solo chegaba ata a praza do Fiado (actual praza de Macías), sendo ampliado posteriormente sobre o leiro e marxe do río Sar, ata a actual praza de Abastos. As árbores que hoxe ocupan o paseo foron plantados cara o ano 1890.

Na parte Este da vila, por onde hoxe discorre a estrada N-550, pasaban antigamente as augas do Sar, que abría un brazo no Norte para, despois rodear a vila polo Este, devolver as augas ao seu leito principal, no Rastro de carnes da vila.

En Fondo de Vila advírtese aínda a existencia da ponte nesta porta. Esta ponte foi reedificado no ano 1578 polo mestre Luís de Barros, que foi contratado polo Concello de Padrón *para reedificar y poner un soyado de piedra de grano a la puerta y puente de Fondo de Vila, quebrantando a su costa la piedra en los montes más cercanos*, sendo obrigación do Concello *el carretarla; y por cada braza santiaguesa de la piedra labrada y asentada en la dicha puente le habían de dar diez reales, sin otro más jornal … y en dicho tiempo fuera Dios servido haber peste en la dicha villa y su jurisdicción a cuya causa cesara la obra hasta ahora, obrigándose Luís de Barros a finalizala, a condición de que as pedras han de ser conforme a las que se pusieron en el suelo de la puente de Santiago de la dicha villa de que el dicho Luis de Barros hizo*.

A actual praza de Macías estaba ocupada no seu centro por unha casa so século XVIII, que formaba a desaparecida para do Fiado, a rúa Macías e o *callejón de los Herreros*.

Non existe aínda a actual rúa do Castro, entre o Concello e a antiga casa dos Artime, pero si a chamada *callejuela de la Galiana* que, dende a actual praza do Castro, e por detrás do edificio do Concello, desembocaba nas rúas do Sal, hoxe rúa de Juan Rodríguez, ao lado da capela da 3ª Orde.

A rúa Longa, no tramo que ocupa actualmente o Concello, estaba cortada por un edificio que se prolongaba en dirección Oeste, de forma que a rúa quedaba cortada en dous tramos case iguais, e cuxa comunicación faría posiblemente pola travesía e callejón de las Higueras, ou quizais a través duns soportais na propia rúa Longa.

O cemiterio da vila estaba localizado ao lado da anterior igrexa parroquial, de estilo oxival, a cuxo lado atopábase o antigo hospital de peregrinos, no Murgadán.






PROYECTO DEL ENCAUZAMIENTO DEL RIO SAR. AÑO 1946






Plano de Padrón de abril de 1751. Catálogo colectivo da rede de bibliotecas dos arquivos estatais









Mauro Castellá Ferrer 'Historia do Apóstolo Santiago', 1610



Gravado en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, nº 26
20-09-1879

Concello
de Padrón

PADRÓN
camiño e destino

Deputación
DA CORUÑA

PADRÓN
NA LEMBRANZA